COLEXIO OFICIAL DE
PROTÉSICOS DENTAIS
DE GALICIA
CONSELLO GALEGO

COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS DENTAIS DE GALICIA

1 de outubro de 2020

REXISTRO SAÍDA Nº 109

NOTA INFORMATIVA

AMPLIACION DOS ERTES ATA O 31 DE XANEIRO DE 2021

Mediante o Real Decreto-lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego, prorrógase a aplicación das medidas excepcionais para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 (art. 22 Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo), cuxa vixencia estaba prevista, inicialmente, ata o 30 de setembro de 2020.

Desta maneira, **ata o próximo 31 de xaneiro de 2021** prorróganse automaticamente todos os expedientes de regulación temporal de emprego baseados no artigo 22 da Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, vixentes e aplicables á data de entrada en vigor do novo decreto-lei (30 de setembro de 2020).

PRORROGA DOS ERTES POR FORZA MAIOR

O artigo 1 deste Real Decreto permite prorrogar os ERTES derivados de forza maior que xa se atopen vixentes ata o 31 de xaneiro de 2021.

A novidade é a exoneración das cotas da que poden beneficiarse aquelas empresas pertencentes aos sectores máis afectados pola pandemia, segundo a lista de CNAE anexa ao Real Decreto e que non reincorporasen á actividade a máis do 65% do seu persoal.

Tamén poden solicitar a exoneración de cotas prevista na nova norma aquelas empresas de sectores que dependan directa ou indirectamente doutras empresas dos sectores máis afectados. Entenderase que dependen directamente aquelas empresas que poidan acreditar que polo menos un 50% da súa facturación depende dunha empresa incluída na lista de CNAE máis afectados. A solicitude de declaración de empresa dependente deberá realizarse entre o 05 e o 19 de outubro. As exoneracións sobre a achega empresarial que se poderán aplicar estas empresas é:

Hórreo 7, 1º Derecha. 15702 - Santiago de Compostela - A Coruña Telf. 981 571 017 / Fax: 981 581 008

- Empresas de menos de 50 traballadores: o 85 % das cotas desde outubro do 2020 a xaneiro de 2021.
- Empresas de máis de 50 traballadores: o 75% das cotas desde outubro do 2020 a xaneiro de 2021.

ERTE POR IMPEDIMENTO OU LIMITACIÓN DA ACTIVIDADE DA EMPRESA

As empresas de calquera sector ou actividade que vexan impedido o desenvolvemento da súa actividade como consecuencia das novas restricións ou medidas adoptadas a partir do 1 de outubro de 2020, tanto por autoridades nacionais como estranxeiras, poderán acollerse aos beneficios dos ERTE.

No caso as empresas que vexan impedido o desenvolvemento da súa actividade nalgún dos seus centros de traballo como consecuencia das medidas sanitarias poderán solicitar un "**ERTE por impedimento**".

Estas empresas terán unha exoneración nas súas cotizacións á Seguridade Social durante **o período de peche e ata o 31 de xaneiro de 2021**, que será do 100% da aportación empresarial durante o período de peche e ata o 31 de xaneiro se teñen menos de 50 traballadores e do 90% se teñen 50 traballadores ou máis.

As empresas ou entidades que vexan limitado o desenvolvemento da súa actividade nalgúns dos seus centros de traballo como consecuencia de decisións ou medidas adoptadas por autoridades españolas, poderán solicitar á autoridade laboral un **"ERTE por limitacións".**

Neste caso, as exoneracións nas cotizacións á Seguridade Social para os traballadores suspendidos serán decrecentes entre os meses de outubro de 2020 e xaneiro de 2021 en base ás seguintes porcentaxes:

	Outubro 2020	**Novembro 2020**	**Decembro 2020**	**Xaneiro 2020**
Menos de 50 traballadores	100%	90%	85%	80%
50 traballadores ou máis	90%	80%	75%	70%

A data para determinar o volume de traballadores da empresa é o 29 de febreiro de 2020. A empresa debe instar á tesourería a aplicación destas exencións identificando as persoas traballadoras, o período de suspensión ou redución de xornada e presentación dunha declaración responsable respecto de cada código de conta de cotización e mes de pagamento.

ERTES ETOP

Mantense o procedemento abreviado regulado no RD 8/2020 para a tramitación dos ERTES por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción vinculadas á COVID- 19.

COMPROMISO DE MANTEMENTO DO EMPREGO

As empresas dos sectores máis afectados regulados no Anexo I da norma que se acollan ás exoneracións previstas quedarán comprometidas a un novo período de 6 meses de mantemento do emprego. No caso de que aínda estean afectados por un compromiso de mantemento anterior, o novo cómputo de 6 meses comezará a contar unha vez finalice o primeiro compromiso.

OUTRAS REGULACIÓNS EN MATERIA DE EMPREGO

- Mantense a prohibición de despedir por causas obxectivas derivadas do COVID- 19.
- Mantense a interrupción do cómputo de duración dos contratos temporais de traballadores afectados polos ERTE.
- Mantense a prohibición de realizar horas extraordinarias e contratar ou subcontratar novos traballadores durante a aplicación das medidas, salvo causas xustificadas de capacitación, formación ou razóns obxectivas e previa información aos RLT.
- Mantense a prohibición de repartición de dividendos no ano fiscal de axusta para aquelas empresas que se exoneraron as cotas de seguridade social para empresas de máis de cincuenta traballadores.

DESEMPREGO

O *"contador a 0"* mantense ata o 31 de xaneiro de 2021. Tamén se mantén a non redución da prestación pasados 6 meses, manténdose a mesma **no 70% da base reguladora** ata o 31 de xaneiro de 2021.

As empresas que estean a aplicar un ERTE ETOP e as afectadas polas prórrogas deberán presentar unha nova solicitude colectiva de prestacións por desemprego antes do 20 de outubro de 2020.

AUTÓNOMOS

Prorrógase ata o 31 de xaneiro de 2021 a prestación por cesamento compatible coa actividade e a prestación para autónomos de tempada.

COLEXIO OFICIAL DE
PROTÉSICOS DENTAIS
DE GALICIA
CONSELLO GALEGO

Créase unha nova prestación por suspensión de actividade dos traballadores autónomos. Poderanse beneficiar aqueles traballadores autónomos que, a partir do 1 de outubro de 2020, vexan suspendida totalmente a súa actividade como consecuencia de a resolución de adoptada por unha autoridade competente como medida de contención na propagación do COVID-19. Requisitos:

- Estar afiliado ao RETA polo menos durante 30 días naturais antes da data da resolución que acorde o cesamento de actividade.
- Acharse ao corrente de pago das cotas.

A contía da prestación será o 50% da base mínima de cotización segundo a actividade desenvolvida. Poderase incrementar ata o 70% en caso de familia numerosa se os únicos ingresos da unidade familiar son os do traballador autónomo.

Manterase o alta no RETA pero o traballador estará exento de cotizar. Este período, entenderase como cotizado e as cotizacións que correspondan serán asumidas polas entidades con cargo a cuxos orzamentos se cubra a correspondente prestación.

A prestación é incompatible co traballo por conta propia, coa percepción de rendementos procedentes da sociedade cuxa actividade se viu afectada polo peche, co traballo por conta allea salvo que os ingresos derivados do mesmo sexan inferiores a 1,25 veces o SMI e coa percepción doutras prestacións da seguridade social.

Créase unha **nova axuda por baixos ingresos para aqueles autónomos que non poidan acceder á prestación compatible coa actividade**.

COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS DENTAIS DE GALICIA - Lei 4/1998 do 30 de xuño

Un saúdo
Secretaría Técnica C.O.P.D.G.

Hórreo 7, 1º Derecha. 15702 - Santiago de Compostela - A Coruña Telf. 981 571 017 / Fax: 981 581 008